- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.34899.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DEPORTIVA DOS CAMPOS DE FÚTBOL DAS CERCAS”.
(Expte.2025003827)

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.



En data 22/01/2025, dentro formalmente en e prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2025004303) dunha petición do Concello de Gondomar na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 156.427,07 euros (149.690,98 de orzamento de execución por contrata e 6.736,09 euros de asistencias técnicas á redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde), co obxecto do financiamento da obra “*MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DEPORTIVA DOS CAMPOS DE FÚTBOL DAS CERCAS E AS GALANDAS*” (expdte 2025003827) cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.

En datas posteriores, o Concello de Gondomar emenda e completa a documentación achegada.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID, agás no relativo a autorización sectorial de AESA que foi solicitada fóra do prazo contemplado nas bases reguladoras. Fronte a isto, cómpre subliñar que a totalidade dos actos administrativos substanciais (a petición, o decreto da Alcaldía aprobando a solicitude de subvención, o proxecto, a acta de trazado previo) a través dos cales se instrumentaliza a petición da pertinente subvención foron ditados antes do remate do prazo estipulado nas bases reguladoras. Recoñecido o erro administrativo, cabe sinalar que en moitas ocasións, a xurisprudencia cualifica de non invalidantes as actuacións extemporáneas en virtude do principio de antiformalismo dos procedementos administrativos, enalzando o de conservación dos actos e trámites procedimentais que se axusten á norma. Desta forma, a actuación extemporánea non se lle reconece máis virtude invalidante que nos casos excepcionais nos que o acto careza dos requisitos indispensables para alcanzar o fin, xeren indefensión ou inseguridade xurídica, non sendo este o suposto.

Así mesmo, o procedemento de concesión da subvención é o de concorrência non competitiva, deste modo a aceptación da solicitude de subvención formulada polo Concello de Gondomar non xeraría ningún prexuízo ao resto dos concellos da provincia que, igualmente, se benefician da cooperación administrativa da Deputación.

O investimento proposto conta co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 25/02/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.



- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 25/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/03/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención, ao abeiro do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), por importe de 156.427,07 euros co obxecto do financiamento “*MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DEPORTIVA DOS CAMPOS DE FÚTBOL DAS CERCAS E DAS GALANDAS*” (Expte.2025003827), en base a un orzamento que ascende ao mesmo importe. A subvención financia obra por importe de 149.690,98 euros, as asistencias técnicas á redacción do proxecto e dirección de obra por importe de 4.490,73 euros e os honorarios de coordinación de seguridade e saúde que importan 2.245,36 euros. Non obstante, a presente concesión fica condicionada a que o Concello de Gondomar achegue, coa primeira xustificación da axuda económica, as autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Deputación de Pontevedra, da entidade pública Augas de Galicia e da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II), aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8273 de 18/10/2024 e publicadas no BOPPO núm. 2026 de 22/10/2024 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 19ª reguladora do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID II) , o investimento subvencionado deberá estar executado o 30/04/2026 e xustificado a 30/09/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Gondomar, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.34900.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN DA CASA DON ÁLVARO. ANUALIDADE 2025”. (Expte.2025006289)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 12/02/2025, mediante rexistro WEB2025008300, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de Lalín na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 162.646,85 euros, para a adquisición da propiedade “Adquisición da Casa Don Álvaro. Anualidade 2025”, cun importe total de 650.587,40 euros. O importe restante ata completar a totalidade da adquisición será financiada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención/ Plan + Provincia 2025	Subvención Plan + Provincia 2024/ Fondos propios
2025	650.587,40	162.646,85	487.940,55

Na documentación remitida o *Concello* fundamenta tanto a competencia para a adquisición dun ben catalogado e o destino para equipamento público, en previsión da realización no mesmo de actividades culturais e de promoción do turismo.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de 7.756,03€ da Liña 2, 23.236,15 € da Liña 3 e o total da Liña 4 (= 44.191,40 €) á Liña 1.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/02/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/02/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Lalín*, CIF: P3602400H, unha subvención por importe de 162.646,85 € co obxecto do financiamento da actuación “*Adquisición da Casa Don Álvaro. Anualidade 2025*” (Expte.2025006289), cuxo orzamento ascende 650.587,40 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Subvención Plan + Provincia 2024/ Fondos propios
2025	650.587,40	162.646,85	487.940,55

- Trátase da adquisición dun terreo con pagamento aprazado, correspondendo esta solicitude de subvención á última anualidade (2025).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Lalín*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.34901.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE DESHUMECTADORA EN PISCINA MUNICIPAL”. (EXPTE.2025002892)

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.

O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Marín o importe que lle corresponde é de 227.280,71€.

En data 20/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025003437) dunha petición do Concello de Marín, emendada nas datas 27/01/2025, 11/02/2025 e 03/03/2025 (núms. rexistro WEB2025008134, WEB2025008173 e WEB2025013370), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 99.643,50 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Instalación de climatización e substitución de deshumectadora en piscina municipal*”, cun orzamento da mesma cantidade solicitada.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 12/02/2025.

Así mesmo, o 03/03/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 04/03/2025.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Marín relativa ao financiamento do investimento denominado “*Instalación de climatización e substitución de deshumectadora en piscina municipal. xanza*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 99.643,50 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín*, CIF P3602600C, a cantidade de 99.643,50 € con destino ao financiamento do investimento “*Instalación de climatización e substitución de deshumectadora en piscina municipal*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 99.643,50 €



- Non obstante, a presente concesión de subvención, queda condicionada á aportación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo I), sendo imprescindible que se achegue a devandita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.34902.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE MELLORA DO PAVILLÓN DO ROSAL”. (Expte.2025003535)

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.

O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Moaña o importe que lle corresponde é de 196.556,45 €.

En data 21/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro CONCESION WEB2025003915) dunha petición do Concello de Moaña, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 196.556,45 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Proxecto de mellora do pavillón do Rosal*”, cun orzamento polo mesmo importe.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 02/02/2025.
- Así mesmo, o 04/03/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 04/03/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Moaña* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Proxecto de mellora do pavillón do Rosa*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 196.556,45 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña*, CIF P3602900G, a cantidade de 196.556,45 € con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de mellora do pavillón do Rosal*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 196.556,45 €
- Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación, a autorización sectorial de Augas de Galicia dependente da consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia , así como a resolución (ou o acordo) de aprobación do proxecto. A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.34903.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MORANÑA, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PISTAS DEPORTIVAS DE MIRALLOS”.
(Expte.2025003527)

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.

O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).



Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Moraña* o importe que lle corresponde é de 100.966,45€.

En data 21/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025003907) dunha petición do *Concello de Moraña*, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 100.966,45 €, en data 20/02/2025 e 21/02/2025 emenda o proxecto (núm. Rexistro WEB202501073 e WEB2025011083) con destino ao financiamento do investimento denominado “*Pistas deportivas de Mirallos*”, cun orzamento de 145.701,79€ e unha achega de 44.735,34 €.

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 21/02/2025.
- Así mesmo, o 03/03/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 04/03/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/02/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/03/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui*, CIF:P3605500B, a cantidade de 96.403,24 €, con destino ao financiamento de “*Festa patronais San Telmo 2025*” (Expte.2025008554), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

16.34910.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO
DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NA BIENAL DE PONTEVEDRA.
(Expte.2025001191)

O artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade.

O Museo de Pontevedra, de titularidade provincial, é unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance mais aló do termo municipal e do territorio provincial. A Deputación Provincial de Pontevedra, institución patrocinadora da arte nesta provincia desde mediados do século XIX, inclúe, na proposta de actividades do Museo para o ano 2025, a recuperación da Bienal de Arte de Pontevedra (que se deixou de celebrar en 2010 logo de iniciar a súa andaina nos anos 60, e adquirindo un carácter internacional a partir dos anos 80 do século pasado), a modo de escaparate para a creatividade e o talento da nosa rexión e a promoción do intercambio cultural, do diálogo e a colaboración entre artistas locais, nacionais e internacionais.

A Bienal terá lugar en Pontevedra entre o 21 de xuño e o 30 de setembro de 2025, baixo un título que resume a filosofía da exposición: “Volver a ser humano. Ante a dor dos demais”.

Co obxecto de garantir a seguridade tanto dos espazos expositivos que forman parte da Bienal de Pontevedra na súa 32ª edición, como das obras de arte que alí son expostas, así como para articular o correspondente seguro de obras de arte, é preciso contratar unha empresa que exerza a vixilancia, xa que este servizo non pode levarse a cabo polo Museo de Pontevedra, debido a insuficiencia, a falta de adecuación, así como a conveniencia de non ampliación dos medios persoais e materiais con que conta, o que xustificaría o contrato de acordo co previsto no art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



En base ao exposto, con data 03/02/2025, a xefa de Xestión do Museo, emite informe no que, co visto e prace do Vicepresidente, propón a contratación dun servizo de seguridade e vixilancia. O contrato proposto ten un prazo de duración de 4 meses, sen posibilidade de prórroga, e un orzamento base de licitación de 191.836,99 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 07/02/2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva CSV: 4P6VY5ZOAJT8QK5Q.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 07/02/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 20/02/2025, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo Museo de Pontevedra, reflectida no informe de data 21/02/2025 (CSV: 3DC33ACQW30WOCLD) e no informe de data 04/03/2025 (CSV: A6Q6RZ3STB3775EW).

Visto que con data 26/02/2025, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12025000025193 polo importe de 191.836,99 euros, con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 2025/333.3341.227.99 do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 26/02/2025.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra*”.

- O prazo de duración do contrato será de 4 meses contados a partir da formalización do contrato que será o 1 de xuño e rematará o 31 de setembro de 2025, non obstante a prestación do servizo de vixilancia dende o 1 de xuño unicamente se iniciará no Pazo da Cultura de Pontevedra, nos restantes espazos a prestación do servizo será a partir do 15 de xuño.
- Non se establece a posibilidade de prórroga.
- O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 191.836,99 €.
- O valor estimado é de 158.542,97 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 5ZOSTA6RTI401TSR) e de prescricións técnicas (CSV: DY38LHNZKR0E9INA) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 191.836,99 €, con cargo á aplicación orzamentaria 333.3341.227.99 (proxecto de gasto da Bienal 4_0019) do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Cruz Farto Justo, xefa de xestión do Museo de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

17.34911.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO LOTE 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN ANO 2023. (Expte.2024044378)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024 acordou Adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do “*Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*” á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L., por importe de 738.288,55 €, IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.



Resultando.- Que Con data 22/07/2024 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 22/01/2025.

Resultando.- Que con data 20/10/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, REX_WEB2023058729, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) meses, debido por unha banda a retrasos producidos no subministro de pezas de formigón pretensado para estruturas, debido a que as fábricas atópanse saturadas de traballo e por outra que pola necesidade de coordinar os desvíos das diferentes liñas de transporte público, non se puideron acometer as obras de ambas pontes simultaneamente o que retrasou os prazos previstos.

Resultando.- Que con data 10/01/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025001621), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo de execución de TRES (3) MESES, motivada polas seguintes causas:

- Numerosas incidencias meteorolóxicas acaedicas na zona con elevado número de días de precipitación, xuntando informe meteorolóxico de meteogalicia no que reflexa que choveu un total de 87 días, provocando retrasos considerables nos traballos debido ás escorrentías producidas, impedindo a escavación de zanzas e estendido de formigón.
- A coincidencia co período de nadal, acumulando un total de 14 días festivos e non laborables derivados do convenio da construción.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 2XKA3X5JESMZA2H3 informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 22 de abril de 2025.. [...]. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 0GG3AG8I7V3FIBBB no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES (3) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o día 22/04/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederalllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L., unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES, na execución do “Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” establecendo coma data para finalizar a obra o día 22/04/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

18.34912.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA EXTRAORDINARIA DOS LOTES 2, 3, 4 E 5 DO CONTRATO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN. (Expte.2023005688)

Na sesión ordinaria do día 02 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra, ás seguintes empresas e polos prezos e valores ofertados, reflexados no citado acordo:

- Lote 2 (Centro Príncipe Felipe): SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)
- Lote 3 (Museo de Pontevedra): SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)
- Lote 4 (Cooperación): INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B90320912)
- Lote 5 (Turismo Rías Baixas): SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 29 de xuño de 2023 para o lote 4 e de data 30 de xuño de 2023 para o lote 2, 3 e 5, sendo o prazo de duración dun ano a partir da data que se sinale no documento de formalización, establecéndose o 01/07/2023 para os lotes 3, 4 e 5 e o 06/09/2023 para o lote 2. Así mesmo, preveuse a posibilidade dunha prórroga de máximo dunha anualidade de duración.

A referida prórroga aprobouse mediante acordo da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria de data 21 de xuño de 2024, resultando o día 30 de xuño do 2025 como data de vencemento dos lotes 2, 3, 4 e 5 deste contrato.

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto, do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2024043090).

No mesmo acordo, dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo de 30 días naturais para a presentación de proposicións, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, que se realizou o día 03 de febreiro de 2025.



A complexidade do procedemento aberto precisa dun prazo amplo para a súa tramitación, polo que se fai previsible un posible retraso nos tempos estimados inicialmente para a adxudicación do procedemento.

Dita circunstancia motiva a necesidade de acudir, en tanto non se adxudique o novo contrato, á prórroga prevista no artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (LCSP), co obxecto de garantir a continuidade do servizo, por razóns de interese público, xa que os servizos ofrecidos son esenciais para a correcta prestación do servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación.

Dita prórroga realizaríase polo tempo imprescindible para levar a cabo a nova contratación, que na actualidade atópase en fase de licitación, e en todo caso polo período máximo de nove meses establecido no artigo 29.4 da LCSP.

Na actualidade, a execución do contrato vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

Visto que se notificou o preaviso ás empresas contratistas da intención de acordar esta prórroga extraordinaria nos mesmos termos e condicións (Rexistro de saída NOT2025002694 de data 07/02/2025 para os lotes 2, 3 e 5; e rexistro de saída NOT2025002695 de data 07/02/2025 para o lote 4).

Tendo en conta que se realizaron avisos previos coa antelación de dous meses sinalada no citado artigo 29, polo que as prórrogas dos lotes do contrato serían obrigatorias para as empresas contratistas.

Tendo en conta o artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cando ao vencemento dun contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se haxa publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario ou, tratándose dun contrato baseado nun acordo marco ou un contrato específico no marco un sistema dinámico de adquisición, se haxan enviado as invitacións a presentar oferta do novo contrato baseado ou específico polo menos quince días antes da finalización do contrato orixinario.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que a presente prórroga extraordinaria non compromete crédito adicional xa que se financiará con cargo ao crédito xa retido para o novo contrato de “*Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2024043090).



Tendo en conta que consta no expediente informe de intervención, de data 07 de novembro de 2024 e co CSV: Y2P2QJ9HMYJBVE6O, no que se pon de manifesto que no vixente orzamento provincial existen as seguintes retencións de crédito para o gasto do servizo ordinario de seguridade e vixilancia da anualidade 2025, correspondentes ao expediente 2024043090:

	Centro	RCFUT1	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
Lote 1	Sede Vigo	202400230973	25/920.9200.227.01	35.915,77€
Lote 2	Centro Príncipe Felipe	202400230975	25/232.2312.227.01	440.714,68€
	Centro Vacacional A Lanzada	202400230976	25/233.3370.227.01	14.704,36€
Lote 3	Museo de Pontevedra	202400230977	25/333.3330.227.01	954.063,21€
	Arquivo Provincial	202400231024	25/332.3322.227.01	2.222,10€
Lote 4	Cooperación	202400230980	25/942.4330.227.01	25.771,37€
	Cooperación (CAS)	202400230981	25/942.4331.227.01	23.549,27€
	Finca Mouriscade	202400231025	25/410.4120.227.01	2.222,10€
	Estación Fitopatolóxica Areiro	202400231026	25/413.4123.227.01	2.222,10€
	Centro operativo Infraestruturas	202400230983	25/456.4530.227.01	2.222,10€
Lote 5	Palacete das Mendoza	202400230984	25/433.4320.227.01	90.744,09€
	Castelo Soutomaior	202400230987	25/433.3360.227.01	165.031,00€
	Castelo Sobroso	202400230988	25/433.3363.227.01	2.222,10€

Tendo en conta que os importes a considerar para a facturación dos meses de prórroga extraordinaria son os establecidos no contrato actual (Expte. 2023005688), sendo os importes anuais os que se indican a continuación e debendo terse en conta a forma de pagamento establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe o contrato para a súa mensualización:

	Centro	Importe anual (sen IVE)	IVE (21%)	Importe anual (co IVE)
Lote 2	Centro Príncipe Felipe	344.900,90 €	72.429,19 €	417.330,09 €
Lote 3	Museo de Pontevedra	716.804,66 €	150.528,98 €	867.333,64 €
Lote 4	Cooperación	37.195,64 €	7.811,08 €	45.006,72 €
Lote 5	Turismo Rías Baixas	256.357,58 €	53.835,09 €	310.192,67 €



Visto o informe favorable emitido de xeito conxunto polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 04 de marzo do 2025 (CSV: ZUCA9HIISBEFS5R7), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto, infórmase favorablemente a proposta de prórroga extraordinaria dos lotes 2, 3, 4 e 5 do contrato de servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra (Expte. 2023005688) polo período que vai desde o 01 de xullo de 2025, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2024043090, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os meses de prórroga extraordinaria facturaránse polos importes establecidos no contrato actual (expediente nº 2023005688), obxecto desta prórroga; e financiaránse con cargo aos importes retidos para o expediente nº 2024043090, actualmente en licitación. Posteriormente, a financiación do futuro contrato axustarase ao período real de duración unha vez formalizado.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno provincial. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xullo do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga extraordinaria dos lotes 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do servizo de “Seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra” subscrito para o lote 2, 3 e 5 coa empresa SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638) e para o lote 4 coa empresa INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B90320912), durante o período que vai desde o 01 de xullo de 2025, ata que se formalice e comece a execución do novo contrato, que se está a tramitar mediante procedemento aberto, co número de expediente 2024043090, ou, en todo caso, polo período máximo de nove meses que establece o artigo 29.4 da LCSP, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Os meses de prórroga extraordinaria facturaránse polos importes establecidos no contrato actual (expediente nº 2023005688), obxecto desta prórroga; e financiaránse con cargo aos importes retidos para o expediente nº 2024043090, actualmente en licitación. Posteriormente, a financiación do futuro contrato axustarase ao período real de duración unha vez formalizado.



19.34913.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA “MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO S.L.”, QUE REXE O SERVIZO DE ENSILADO, SEMENTADO, APLICACIÓN DE HERBICIDA, ABONADO E ROZA DAS PARCELAS DA FINCA MOURISCADÉ. (Expte.2023069636)

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscadé* á empresa *Murat construcción y mantenimiento S.LU.* (CIF B-15.923.956), polos prezos unitarios ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 18 de abril de 2024 e o prazo de duración é dun ano a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

Con data 23 de febreiro de 2025, a xefa do servizo de Medio Ambiente, como responsable do contrato, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 18 de abril de 2025 ata o 17 de abril de 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 14 de xaneiro de 2025 (data de comparecencia: 14/01/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 27 de xaneiro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202500017195, polo importe de 40.757,99 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 25/410.4120.227.99, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2025 e 2026.

Tal e como se indica no informe da responsable do contrato, de data 23 de febreiro de 2025, prevese que todos os servizos deste contrato se van a executar no ano 2025, imputándose o coste do contrato ao presente exercicio. En todo caso, se os servizos a realizar do contrato non finalizasen en 2025, incorporaranse os saldos non executados como remanentes ao exercicio 2026.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 04 de marzo do 2025 (CSV: 3FKV57KOU4SVLC12), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade por un ano, desde o 18 de abril do 2025 ata o 17 de abril do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 18 de abril do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do contrato para a prestación do “*Servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade*” suscrito coa empresa *Murat construcción y mantenimiento S.L.* (CIF B15923956), durante o período desde o 18 de abril do 2025 ata o 17 de abril do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/410.4120.227.99	40.757,99 €

Prevese que todos os servizos deste contrato se van a executar no ano 2025, imputándose o coste do contrato ao presente exercicio. En todo caso, se os servizos a realizar do contrato non finalizasen en 2025, incorporaranse os saldos non executados como remanentes ao exercicio 2026.

20.34914.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “REPOSICIÓN DE FIRME NA EP 2204 SABARÍS - BELESAR (CONCELLO DE BAIONA)”. (Expte.2020049300) (Devogarán 2024069787)

Por acordo número 12.30249 da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de abril de 2021 (CSV.- CEQI3VMPWH821MSJ), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de obra de “*Reposición de firme na EP 2204 Sabarís - Belesar (Concello de Baiona)*”. (Expte.2020049300).



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861)	19.684,01€	202100072431	15/04/2021

Igualmente, neste acordo da Xunta de Goberno número 6.30148 adxudicouse á empresa ATENEA, SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF A-82.876.905), o contrato derivado do “*Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra -ZONA SUR (CD 2020049300/1)*”.

Para garantir a correcta realización deste servizo de “Seguridade e Saúde” a entidade mercantil ATENEA, SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A., presentou unha garantía por importe de noventa e sete euros con sesenta e catro céntimos (97,64€), constituída pola empresa.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 9KACCHXBPNQDRCNO), no cal sinala que “(...) *procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de dezanove mil seiscientos oitenta e catro euros con un céntimos (19.684,01 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100072431 de data 15/04/2021.*

No relativo ao contrato derivado de seguridade e saúde (Expte.2020049300/1) para as obras de referencia adxudicado á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (CIF. A82876905), tamén procede a devolución da garantía constituída por dita empresa por importe de noventa e sete euros con sesenta e catro céntimos (97,64 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100085738 de data 06/05/2021, xa que os traballos foron realizados satisfactoriamente. (...)

Resultando que no expediente figuran informes emitidos pola Intervención (CSV.-K56UMMC1HZJAJZV3 e GA40165LEG4BHTDP), nos cales indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades mercantís CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e ATENEA, SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Reposición de firme na EP 2204 Sabarís - Belesar (Concello de Baiona)*” (Expte.2024049300), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.* (B-36.258.861), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- o A constituída en valores, mediante aval de *Generali España, S.A.*, por importe de dezanove mil seiscentos oitenta e catro euros con un céntimos (19.684,01 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100072431.

Terceiro.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *ATENEA, Seguridad Y Medio Ambiente, S.A.U.* (A-82.876.905), por resultar adxudicataria do contrato de “Seguridade e Saúde” do contrato de “*Reposición de firme na EP 2204 Sabarís - Belesar (Concello de Baiona)*”, que é a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de noventa e sete euros con sesenta e catro céntimos (97,64 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 06/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100085738.

21.34915.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 4201 SETADOS-RIBARTEME-VIDE, P.Q. 0+000 AO P.Q. 3+930 (AS NEVES)”. (Expte.2020008247) (Devogarán 2025005622).

Por acordo número 7.29324 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 18 de setembro de 2020 (CSV.- 3SC9LGPD0U99HVGR), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)*”. (Expte. 2020008247)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861)	12.040,61€	202000142886	14/08/2020



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- GF7IZ9LNVQ6OT1H2), no cal sinala que “(...) *procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de doce mil corenta euros con sesenta e un céntimos (12.040,61 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202000142886 de data 14/08/2020.*” (...).

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 4201 Setados-Ribarteme-Vide, P.Q. 0+000 ao P.Q. 3+930 (As Neves)*” (Núm. Expte. 2020008247), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.* (B-36.239.861), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, en metálico, por importe de doce mil corenta euros con sesenta e un céntimos (12.040,61 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 14/08/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000142886.

22.34916.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA ALGAZARA DE CELEIROS PARA A “LIÑA 1: XXVII FESTIVAL ALGAZARA” DO CONCELLO DE PONTEAREAS, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024. (Expte.2024045039)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 11 de outubro de 2024 unha subvención a favor do *Agrupación Folklorica Algazara de Celeiros*, con CIF: G36302818, do *Concello de Pontearreas*, por un importe de 1.049,74 €, para o proxecto “*Liña 1: XXVII Festival Algazara*” co CSV: JJT93JYA622YRIAA e con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05.2024, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2024073408 de data 25 de novembro de 2024 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada pola imposibilidade de celebrar a actividade en prazo, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 17 de decembro de 2024 con CSV: KSPCK9U0QFQ5P2X é polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



23.34917.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACIÓN ROGELIO GROBA PARA A “LIÑA 1: CONCERTO NO MUSEO” DO CONCELLO DE PONTEAREAS, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024. (Expte.2024045728)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 21 de maio de 2024 unha subvención a favor da *Fundación Rogelio Groba*, con CIF: G-36.433.712, do *Concello de Pontearreas*, por un importe de 907,88 €, para o proxecto “*Liña 1: Concerto no museo*” co CSV: JJT93JYA622YRIAA e con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05.2024, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2024065215 de data 23/10/2024 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada por non contar con fondos suficientes para levar a cabo o proxecto, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 23/12/2024 con CSV: SLKX0KVTB35QWC8B é polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

24.34918.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL, SOCIAL E VECIÑAL DE HERVILLE PARA A “LIÑA 1: SEMANA CULTURAL DE HERVILLE 2024” DO CONCELLO DE MOS, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024. (Expte.2024046042)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 11 de outubro de 2024 unha subvención a favor do *Asociación Cultural, Social e Veciñal de Herville*, con CIF: G36039287, do *Concello de Mos*, por un importe de 907,88 €, para o proxecto “*Liña 1: Semana cultural de Herville 2024*” co CSV: JJT93JYA622YRIAA e con cargo á aplicación 25/330.3340.489.05.2024, e recibido escrito, presentado no Rexistro con número WEB2024077955 de data 13 de decembro de 2024 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día motivada pola imposibilidade de celebrar a actividade en prazo, coa dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 26 de decembro de 2024 con CSV: EZ1GSJSP63TE3HC4 é polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

25.34919.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL TRASPÉS PARA A “LIÑA 2: TRASPÉS NO DESFILE DE LAMEGO (PORTUGAL)” DO CONCELLO DE VIGO, APROBADA AO SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 11/10/2024. (Expte.2024045968)

